

DISCURSO DO DEFENSOR UNIVERSITARIO

ANTE O CLAUSTRO

(20, novembro, 2014)

Sr. Reitor,

Sras. e Sres. integrantes da Mesa do Claustro,

Sras. e Sres. Claustrais

Benqueridas e benqueridos todas e todos

Os Estatutos da nosa Universidade establecen que o Defensor Universitario dará conta anualmente, e a través dun Informe que presentará ante o Claustro, da xestión realizada polo Tribunal de Garantías.

Pois ben, en cumprimento desta normativa elaborouse, e no día de hoxe se presenta ante todos vostedes, este Informe. Nel, e por tratarse dun preceptivo exercicio de rendición de contas, recóllense todas aquelas actuacións relevantes levadas a cabo ao longo do ano 2013. O relato de todas estas actuacións vai precedido dunha referencia xeral ao marco normativo, conceptual e metodolóxico-procedemental no que teñen que enmarcarse sempre as actuacións do Tribunal de Garantías.

Conforme a iso, o contido deste Informe queda estruturado nos seguintes apartados:

No primeiro faise referencia ao conxunto de normas reguladoras do Tribunal de Garantías, e que se concretan na Disposición Adicional Décimo cuarta da LOU, no capítulo I do Título V da Lei do Sistema Universitario de Galicia, no capítulo II do Título V dos Estatutos da Universidade de Vigo e, finalmente, no Regulamento interno do propio Tribunal.

No segundo, e en concordancia co marco normativo regulador, propónse unha breve reflexión en torno á natureza do Tribunal de Garantías; un órgano que participa das atribucións do ombudsman clásico, e ao que se lle encomenda, en base a criterios de proximidade e especialización, a defensa dos dereitos e intereses lexítimos dos membros da comunidade universitaria.

No terceiro apartado explícanse as diferentes modalidades a través das cales o Tribunal de Garantías leva a cabo as súas actuacións, e que se concretan principalmente en tarefas de supervisión, mediación, recomendación e proposta.

No cuarto, que constitúe a parte central e máis extensa deste Informe, dáse conta do conxunto de expedientes tramitados, e que son consecuencia principalmente das reclamacións ou queixas presentadas perante o Tribunal.

No quinto apartado recóllense outras actuacións realizadas (consultas, mediacións, entrevistas, recomendacións, elaboración de documentos), e que derivan desas outras funcións de conciliación, información, xestión, estudo e proposta inherentes ao Tribunal.

No sexto ofrécese información daquelas actividades de relación levadas a cabo, e que deben encadrarse dentro do ámbito das relacións institucionais e actividade exterior do Tribunal.

No sétimo, e en coherencia coa dobre esixencia de rendición de contas e principio de transparencia que debe impregnar esta Memoria de actividades, ofrécese información relativa ao orzamento do Tribunal e aos gastos efectuados ao longo de 2013. Esta información permite apreciar que o Tribunal constitúe un órgano altamente eficiente, e sempre que se compare o seu custe cos seus rendementos e prestacións efectuadas.

No octavo apartado fanse algunhas consideracións encamiñadas, por unha parte, a comentar e interpretar os feitos e cifras presentadas e, por outra parte, a recomendar e suxerir actuacións futuras.

Finalmente, engádesse un apartado de anexos onde se recollen as principais recomendacións formuladas ao longo do ano.

Este é o contido do Informe-Memoria que hoxe se presenta, e que está a disposición de todos vostedes, xa que o texto completo foi enviado con antelación á Secretaría Xeral, e forma parte da documentación correspondente á orde do día deste Claustro. Nel se poden advertir algúns feitos e comportamentos que resultan especialmente relevantes, polo que é preciso facer algunhas consideracións sobre os mesmos.

1) Unha primeira consideración lévanos a constatar a consolidación da tendencia iniciada nos dous últimos anos, no senso de que se aprecia un forte incremento no número de actuacións levadas a cabo por parte do Tribunal de Garantías.

Este incremento queda claramente reflectido, en primeiro lugar, no número de expedientes presentados, pasando dos 25 do ano 2011 aos 58 do 2012, e acadando no 2013 a cifra de 66; tamén no número de entrevistas realizadas, superando as 90; ou no número de recomendacións e propostas formuladas.

Consideramos que este espectacular incremento no número de intervencións é totalmente consubstancial cos tempos de crise sistémica que vivimos, e a conseguinte perda de dereitos, inseguridade e indefensión. O desgaste e a sobrecarga das estruturas universitarias abócanos irremediamente ao litixio. Pero ademais, esta crise está provocando un aumento da actitude reivindicativa: a resignación ou indiferenza están dando paso á contestación e á denuncia fronte a calquera situación de inxustiza, ilegalidade ou abuso de poder.

Este aumento no número de intervencións é unha demostración, tamén, de que o Tribunal de Garantías non só continúa sendo unha instancia prestixiosa e fiable, senón que ademais está acadando unha maior visibilidade e accesibilidade. A percepción da súa utilidade constitúe cada vez máis un feito incontestable. A esta maior presenza do Tribunal teñen

contribuído, certamente, outras actuacións levadas a cabo durante o ano 2013, como a mellora da páxina Web, ou a distribución periódica de trípticos e carteis polos distintos centros e dependencias da nosa universidade (máis de 30 escenarios na actualidade).

2) A segunda consideración refírese a que dos datos recollidos no Informe, e polo que atinxe á distribución por sectores, advírtese que a maior porcentaxe de expedientes e asuntos tratados están referidos ao alumnado (77,30%), seguido a bastante distancia polo profesorado (19,70%), e aínda moito máis polo persoal de administración e servizos (só un 3,07%).

Este comportamento sigue sendo moi similar ao dos anos anteriores, e sigue amosando como dato máis sobresaínte esa baixísima (case testemuñal) porcentaxe de asuntos presentados polo sector PAS. Cabe interpretar este comportamento no feito de que este sector acostuma a canalizar moitas das súas reclamacións a través dos seus representantes sindicais, dispoñendo a tales efectos dunha maior información e interlocución. En calquera caso, queremos reiterar o ofrecemento e dispoñibilidade do Tribunal para atender calquera reclamación lexítima que este colectivo, tan fundamental dentro do noso sistema universitario, teña a ben facernos chegar.

3) A terceira consideración nos permite subliñar o feito de que os principais motivos que levaron á apertura de expedientes no sector do alumnado están relacionados, en primeiro lugar, coa cualificación da avaliación continua (11), seguida da revisión de exames (5), problemas con validacións (4), cualificación do TFG (4), non concesión de bolsas (2) ou trato desconsiderado por parte do profesorado. O impacto da aplicación do plan Bolonia queda patente neste comportamento.

Respecto ao profesorado apréciase que as súas principais preocupacións están relacionadas coa desconformidade co POD, pola falta de equidade no reparto da docencia (4), co procedemento utilizado nas enquisas de avaliación docente (3), con situacións de acoso ou malos tratos ou co calendario académico. Por último, o persoal de administración e servizos nos seus escritos remitidos ao Tribunal solicitan a súa intervención en relación coa homologación de niveis de postos de traballo e coa redución salarial.

4) A cuarta consideración nos leva a sinalar ese variado elenco de recomendacións, propostas e resolucións formuladas, como consecuencia das actuacións de investigación, estudo e información levadas a cabo polo Tribunal, e que derivan tanto das reclamacións presentadas como das iniciativas promovidas polo propio Tribunal.

No apartado de recomendacións cabe destacar as relativas á mellora da normativa existente na matriculación dos TFG; aos exames de materias a extinguir; ao procedemento a seguir para a reclamación e revisión de cualificacións tanto da materia TFG como doutras materias correspondentes ás titulacións de Grao; ou a relativa á aplicación da “Normativa de

permanencia e progreso do estudantado das titulacións oficiais de grao e de máster universitarios da Universidade de Vigo” .

Como resultado destas recomendacións, ademais de outros factores, xa foron adoptados varios acordos e xa se aprobaron algunhas normativas e instrucións encamiñadas, por exemplo, a mellorar o procedemento de matriculación dos TFG ou o da realización de exames de materias a extinguir. Na orde do día deste Claustro se aborda, precisamente, algunha destas cuestións suscitadas.

Temos que mostrar a nosa satisfacción por estes logros, e expresar tamén o noso recoñecemento aos órganos de estudo, asesoramento e de execución da nosa universidade por facer posible estas melloras.

5) A quinta consideración fai referencia ao número elevado de entrevistas que o Defensor mantivo ao longo do ano 2013, máis de 90 reunións e encontros; na maioría dos casos co alumnado, pero tamén co profesorado, PAS, representantes sindicais, representantes do grupo da oposición, directores de centro, decanos, persoal directivo, vicerreitores, reitor, así como con outros actores integrantes da comunidade universitaria.

En determinadas ocasións, e sempre que as circunstancias o aconsellasen, outros membros do Tribunal de Garantías se prestaron tamén pra entrevistarse con persoas relacionadas con algún expediente ou asunto de interese para o Tribunal. Grazas a todos e todas pola disponibilidad e actitude cooperativa.

Este feito, ademais de confirmar esa tendencia, xa apuntada, dun forte incremento da demanda de intervención do Tribunal, pon de manifesto a utilidade deste mecanismo e ferramenta (a entrevista) á hora de xestionar o conflito; un mecanismo áxil, directo e carente de todo formalismo, que facilita o intercambio de información, a empatía e a consecución de acordos. ¡Non hai substituto pra o diálogo e a comunicación!

6) A sexta consideración fai referencia ao feito de que ao longo do pasado ano se potenciaron de xeito moi destacado todas aquelas actividades que deben encadrarse dentro do ámbito das relacións institucionais e actividade exterior do Tribunal, dando cumprimento así a unha das partes programáticas expostas ante o Claustro na primeira comparecencia.

No marco destas relacións institucionais e acción exterior, o Tribunal de Garantías foi incorporándose nos últimos anos a distintas organizacións, tanto de ámbito nacional como internacional, mantendo no marco de todas elas unha presenza activa. Deste xeito,

a) O Tribunal de Garantías forma parte, en calidade de membro fundador, da Conferencia Estatal de Defensores Universitarios de España (CEDU), creada o 26 de outubro de 2007, e da que forman parte na actualidade máis de 63 Defensorías Universitarias.

b) O Tribunal de Garantías, e representado polo seu Presidente, formou parte ao longo dos dous últimos anos (2012/2013) da Comisión Executiva da Conferencia Estatal de Defensores Universitarios. En setembro do 2013 dita Comisión celebrou unha reunión de traballo na nosa universidade.

c) O Tribunal de Garantías pertence ademais á Rede Europea de Defensores Universitarios (*ENOHE*), organización creada en 2003, e da que forman parte as Defensorías Universitarias de Europa, e tamén doutras partes do mundo; o seu obxectivo principal é compartir coñecementos e experiencias, fortalecer a institución, e incidir de xeito significativo na dinámica propia do Espazo Europeo de Educación Superior.

d) Así mesmo, e dende o 4 de xuño de 2007, o Tribunal de Garantías forma parte como Membro Asociado Honorario da REDDU (Rede de Defensores Universitarios Mexicanos). Trátase da organización máis activa no contexto de toda a área latinoamericana, circunstancia esta que nos facilita o enlace e a comunicación cos Defensores de toda a rexión.

O Tribunal de Garantías, e a través do seu Presidente, ven participando activa e regularmente nos encontros e eventos destas organizacións, presentando diferentes relatorios sobre temáticas propias das Defensorías (os textos, en inglés ou castelán, poden verse na páxina web do Tribunal).

e) O Tribunal de Garantías ven levando a cabo tamén un conxunto de actuacións encamiñadas a potenciar as súas relacións con outros órganos e actores da nosa Comunidade Autónoma, cos que comparte a tarefa da defensa e promoción dos dereitos da comunidade universitaria.

Neste senso, é de salientar a creación da Rede de Defensores Universitarios de Galicia (REDUGA), o 19 de marzo de 2013 no transcurso da xuntanza mantida polos Defensores na sede do Tribunal de Garantías. Este feito permite institucionalizar e dar continuidade ás nosas relacións, o que posibilitará incidir de maneira máis eficaz sobre aqueles asuntos que son comúns e abarcan ao conxunto do Sistema Universitario de Galicia.

Subliñar tamén neste apartado os contactos mantidos co Valedor do Pobo da nosa Comunidade y tamén cos seus colaboradores, a fin de mellorar as relacións co mesmo. Debemos informar, ademais, que ao longo de 2013, e tras os preceptivos informes favorables das autoridades académicas, acordouse a sinatura dun Convenio de colaboración entre o Valedor do Pobo e a REDUGA.

O conxunto de todas estas actividades están encamiñadas, por unha parte, a mellorar a imaxe e a marca do Tribunal de Garantías -e tamén da Universidade de Vigo- no exterior e, por outra parte, a reforzar a cooperación tanto no ámbito da nosa Comunidade como no ámbito español, europeo e internacional, posibilitando así unha maior información, un traballo

en rede e unhas sinerxias que nos permiten ser mellores no desempeño da nosa tarefa de defensores. Sen dúbida, esta é unha esixencia ineludible desta sociedade aberta, interdependente e globalizada da que formamos parte.

Este é o relato dun traballo colectivo levado a cabo por todos os membros deste Tribunal; este é o noso exercicio de rendición de contas. Supervisamos actuacións, mediamos en situacións de conflito, recomendamos, advertimos, suxerimos e promovemos cambios e melloras; interactuamos e traballamos en rede cos nosos colegas no marco deste escenario global e multinivel.

Sras. e Sres. Claustrais; Sras. e Sres. Membros do goberno de nosa universidade:

Pódese e débese mellorar, e estamos dispostos a iso; entre outras razóns porque queremos seguir contribuindo eficazmente á boa gobernanza da nosa universidade, e porque queremos tamén seguir consolidando, prestixiando e lexitimando a institución da Defensoría. Pero para iso tamén necesitamos colaboración e reciprocidade, polo que pedimos que se consideren tanto as recomendacións e propostas xa formuladas, pero que aínda non foron aplicadas, como estas outras que a continuación queremos presentar no marco deste Informe e desta Comparecencia:

1) Antes facía alusión á satisfacción do Tribunal de Garantías ao comprobar cómo moitas das recomendacións presentadas foron atendidas, e cómo moitos problemas e conflitos suscitados foron encontrando solucións axeitadas. Constatado este dato tan positivo e reconfortante, temos tamén que lamentar que nalgúns casos, moi puntuais, se rexistraron ou ben unhas demoras, silencios e falta de rigor á hora de atender, contestar e resolver; ou ben reaccións que atentan contra os principios básicos que informan a actuación de Tribunal, como son a independencia e a inviolabilidade.

Instamos a corrixir estes comportamentos, recordando a este respecto a obriga de colaborar co Tribunal, non podéndolle negar o acceso a ningún expediente ou documentación relacionados co obxecto das súas investigacións; así como contestar, en tempo e forma, as súas recomendacións, entendidas estas como unha pretensión que se quere ver satisfeita.

Facendo así, pódese evitar, por exemplo, que determinados dereitos e intereses lexítimos dos estudantes, do PAS ou do PDI sexan vulnerados (as veces os danos ocasionados son irreversibles e dificilmente corrixibles); e facendo así, pódese evitar tamén que outros asuntos transcendan o ámbito da nosa universidade e vayan a parar a instancias alleas, ben sexa a través da vía xurisdiccional ou do recurso a institución do Valedor do Pobo. A imaxe, o prestixio e a credibilidade da nosa Universidade reséntese cada vez que se producen estes feitos.

Debemos recordar tamén que o Tribunal de Garantías, no desempeño das súas funcións, e participando das prerrogativas propias da institución do *ombudsman*, goza de completa autonomía e independencia funcional e de criterio, sen suxeitarse a mandato imperativo ningún; o que significa que non se lle poderán dirixir instrucións por parte de ninguén.

Cómpre, neste senso, corrixir calquera idea ou percepción equivocada en relación co TG. Lonxe de ser unha instancia inquisitorial e persecutoria, ten como único obxectivo solucionar problemas, xestionar conflitos, mediar, tender pontes, reconciliar, aportar doses de racionalidade e humanismo á dinámica universitaria, garantir o respecto ás regras de xogo, combater abusos e arbitrariedades, desterrar calquera relación de servidume, de resignación ou de medo as represalias a hora de defender os dereitos e intereses lexítimos.

Un obxectivo que procuramos acadar practicando a imparcialidade, a obxectividade, a confidencialidade, o rigor e a xenerosidade; tratando de ir máis aló do noso estrito cometido, pois sempre se pode facer algo máis a favor das persoas que nos piden axuda; non eludindo ningún asunto que se suscita, e recibindo e escoitando a calquera integrante da comunidade universitaria que o desexe.

Sería desexable que ninguén interpretase esta dispoñibilidade e accesibilidade como unha mostra de debilidade; ou coma unha oportunidade pra intentar instrumentalizar a actuación do TG.

2) Unha segunda recomendación, que en parte é xa reiterativa, fai referencia á necesidade de mellorar a relación entre as distintas partes integrantes do noso sistema universitario, frecuentemente fragmentado ou enfrontado en intereses estamentais, corporativos ou de outro tipo. Somos vasos comunicantes e interdependentes, e non compartimentos estancos.

Partindo da premisa de que as sinerxías, isto é, a vontade de facer as cousas de maneira coordinada e cooperativa, constitúe un requisito de boa gobernanza, facemos un chamamento e recomendamos mellorar a confianza, a lealdade, a comunicación e a colaboración entre as distintas institucións, órganos e persoas que integramos esta comunidade educativa. ¡Temos que mellorar o noso capital social!

Pero esta esixencia é absolutamente incompatible coa falla de respecto, co insulto e a descualificación; a veces tamén co acoso. Non estamos inventando nada. As queixas que chegan ao tribunal, ademais de outros feitos sobradamente coñecidos, dan fe deste estado de cousas.

Consideramos que, sendo a universidade o ámbito, o espazo e a sede por excelencia do coñecemento, da racionalidade, da argumentación, da cultura, da civilización, non é

xustificable nin tolerable este comportamento. Invitamos a desterrar, e a ser posible a través de fórmulas persuasivas, estas prácticas atentatorias contra a dignidade da persoa. Neste senso, o Tribunal de Garantías propón un novo pacto que rexa e presida as relacións entre todos os membros da comunidade universitaria; un pacto baseado na cultura do respecto, da corrección, das boas maneiras, da confianza -e por qué non- da cordialidade.

Como ben di a nova lei do SUG, embarquémonos todos na cultura da calidade, iso si, entendida esta no sentido máis integral e holístico.

3) A terceira recomendación está relacionada coa necesidade de suscitar ante o Claustro –máximo órgano de representación e expresión do poder soberano da nosa Universidade- a necesidade de abordar unha modificación/actualización do Regulamento do Tribunal de Garantías. Un dos motivos principais é que está pendente unha adecuación entre dito Regulamento, os Estatutos da Universidade de Vigo e a Lei do Sistema Universitario de Galicia.

Recoñecendo a importancia desta cuestión, resulta pertinente facer algunhas consideracións ao respecto.

Acabamos de constatar un espectacular incremento no número de intervencións por parte do Tribunal de Garantías ao longo dos últimos anos; un incremento que, polas circunstancias antes expostas, manterase nos próximos anos.

Atendendo a estas circunstancias, viñemos solicitando que se considerase algunha formula que incentivase a dedicación dos membros do Tribunal, especialmente o cargo de secretario/a; e por corresponderlle unha actividade de xestión considerada estratéxica para o bo funcionamento da institución. Pedíamos unha sinal, un xesto, pero a nosa petición non foi atendida. Como tampouco foi atendida a solicitude dirixida ao Claustro da anterior lexislatura para que se cubriaran as vacantes existentes no Tribunal, así como unha baixa producida en outubro de 2013, y en representación do grupo da oposición.

Estes feitos non poden ser do noso agrado, porque entre outras razóns significan unha falla de lealdade institucional, e non recoñecer a importancia e o labor levado a cabo polo Tribunal.

Pero o escenario pode e debe cambiar a partires da aplicación da Lei do SUG, polo que cómpre que todos miremos ao futuro.

Señoras e señores claustrais; señoras e señores integrantes da futura comisión encargada da modificación dos Estatutos da universidade de Vigo:

Queremos seguir sendo un actor real, operativo e referente; e non unha realidade simplemente nominal ou decorativa. Somos un órgano obrigatorio e necesario dentro do sistema universitario, e non como consecuencia dunha ocorrencia ou capricho do lexislador

do momento, senón porque as nosas actuacións, e segundo a propia normativa que nos regula, están dirixidas “á mellora da calidade universitaria en todos os seus ámbitos”. Noutras palabras, as Defensorías Universitarias supoñen un valor engadido e un factor de boa gobernanza, ao vincularse a consecución da calidade e excelencia universitaria á existencia das mesmas.

Señoras e señores claustrais: ao mesmo tempo que les desexamos unha lexislatura ateigada de satisfaccións polo traballo ben feito, pedimoslle teñan a ben tomar en consideración esta reflexión, que tamén é una recomendación, a hora de afrontar a reforma.

Para finalizar, todos os membros do Tribunal de Garantías, e tras este exercicio de rendición de contas, queremos pedir desculpas polas deficiencias e erros cometidos no desempeño da nosa tarefa.

Queremos expresar tamén a nosa gratitude a todas as persoas e organismos que, nun exemplar exercicio de profesionalidade, veñen asegurando a gobernabilidade da nosa Universidade, isto é, son capaces de dar resposta axeitada ás múltiples e complexas demandas activadas. Son moitos os sacrificios que nos últimos anos se veñen esixindo a toda a comunidade universitaria: sobrecarga de traballo, recortes nas prestacións, escaseza de medios. Nembargante, iso non está levando a unha desmotivación ou falla de implicación do persoal da nosa Universidade: nin do PAS, nin do PDI, nin dos seus órganos de goberno. A todos o noso recoñecemento.

Por último, e na miña condición de Defensor e Presidente do Tribunal, quero aproveitar a ocasión para expresar publicamente o meu recoñecemento e gratitude a todos os membros do Tribunal, aos que están e aos que xa se foron, e tamén a Lola Pous, a nosa secretaria administrativa; todos eles, e de maneira xenerosa e responsable fixeron posible levar a cabo todas as actuacións das que nestas comparecencias estamos dando conta.

¡¡Moitas grazas!!